



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A REDACCIÓN DO PCAP PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN"

I.- ANTECEDENTES:

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 01.04.2022 resolveu autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN" a favor da mercantil INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L..

2.- A devandita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN", redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.

3.- Previo informe da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 20.02.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 15.02.2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 23.02.2023 aprobou o proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL CENTO CINCUENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (555.159,11 EUROS), de data maio de 2022. (Expte 5615-443).

II.- ESIXENCIAS DE MOTIVACIÓN DETERMINADAS POLA LEXISLACIÓN DE CONTRATOS:

Proxecto de obra a incluír no expediente:

"PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL CENTO CINCUENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (555.159,11 EUROS), de data maio de 2022.

Para a execución do obxecto do contrato, e de acordo co informe xustificativo da necesidade e idoneidade deste expediente, asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 08.03.2024, procede de acordo coa orde de inicio do Concelleiro delegado da Area de Goberno de Fomento e Servizos da mesma data, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023, e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023, dar inicio do correspondente expediente de contratación, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben o presente informe, considerase adecuado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a definición de dito expediente:



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/06/2024 12:16 | Páxina 1 de 8 |
| 1913-441 | CSV: AAA74F-818FB9-4B4C2E-NMGSY1-XEAL1Q-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



1.- OBXECTO DO CONTRATO

A execución do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL CENTO CINCUENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (555.159,11 EUROS), de data maio de 2022.

Tal e como se indica na memoria descritiva do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, os obxectivos da actuación son os de mellorar a seguridade viaria e as condicións de circulación da vía. Todo isto se levará a cabo con criterios acordados a actuacións similares na contorna, que pivoten na sustentabilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

As actuacións teñen lugar entre a intersección da Avda .de Citroën coa vía de Camposancos e a Avda de Florida ata antes da glorieta existente no cruce coa rúa Val Miñor e a avenida Alcalde Portanet, e consisten as obras a executar as que enuméranse a seguir:

- Fresarase o pavimento da capa de rodada da calzada da avenida de Citroën sendo o espesor do fresado de 5 cm.
- Reposición do firme da calzada mediante MBC AC16 SURF BC 50/70 D en espesor de 5 cm. Nas seccións de firme que se observe deterioro do paquete completo, a actuación será máis profunda e substituiranse tódalas capas mediante 5 cm de MBC tipo AC-16 SURF D BC 50/70 na rodada, sobre unha capa intermedia de 8 cm de MBC tipo AC-22 BIN BC 50/70 S, que á súa vez irá sobre unha capa base MBC tipo AC-32 BASE BC 50/70 G de 12 cm de espesor, que irá colocada sobre unha subbase de zahorra artificial de 25 cm, cos seus correspondentes regos entre capas.
- Instalaranse sumidoiros e conectaranse á rede de pluviais mediante tubaxe de PVC 250 mm de diámetro para mellorar a drenaxe da calzada máis próxima ao río Lagares.
- Reporase a sinalización horizontal afectada polos traballos de pavimentación.
- Deixaranse tódalas arquetas e sumidoiros existentes á cota da rasante do vial.

O contrato, polo seu obxecto, cualifícase como contrato de obras, segundo o previsto no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo, LCSP).

A tenor do establecido no artigo 99.3.b da LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/06/2024 12:16 | Páxina 2 de 8 |
| 1913-441 | CSV: AAA74F-818FB9-4B4C2E-NMGSY1-XEAL1Q-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Polo que respecta a súa división en lotes, non se considera axeitada. A zona de actuación se encontra sita na zona centro do tecido urbano da cidade de Vigo, nas inmediacións de instalacións deportivas con elevado aforo, e na contorna dunha zona industrial moi importante da cidade, cun tráfico rodado elevado tanto no número de vehículos como nas cargas que se transportan. As actuacións proxectadas comprenden un tramo de aproximadamente 1.240 m, e céntranse na reparación das patoloxías do firme mediante fresado e reposición do firme da calzada, da sinalización horizontal e dos elementos de balizamento, traballos todos eles que necesitan unha coordinación por ter un carácter secuencial e de solape de actuacións tanto en planta como en alzado.

Todo o anterior da lugar a que a realización por lotes das diferentes prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo, por falta de operatividade na coordinación dos tráfico peonís e rodados, con actuacións segregadas que é necesario encauzar conxuntamente, dada a proximidade das diferentes actuacións, e prolongaría no tempo as molestias aos usuarios da vía, polo cal considerase que as mesmas sexan unificadas nun único contrato.

2.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto, xustificándose no valor estimado do contrato e na necesidade de maior transparencia, publicidade e igualdade do procedemento. A tramitación do mesmo realizarase polo procedemento ordinario.

3.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

O prazo máximo de execución do contrato é de TRES MESES (3) meses.

A previsión do prazo de inicio das actuacións establececese en 1 de xullo de 2024.

4.- SOLVENCIA

O artigo 25 e 26 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas establecen os grupos e subgrupos de clasificación dos contratistas de obra e as categorías de clasificación segundo os importes e a duración estimada dos contratos de obras.

Por outra banda, o artigo 36 do citado Regulamento dispón que cando as obras presenten singularidades non normais ou xenerais ás da súa clase e si, en cambio, asimilables a tipos de



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/06/2024 12:16 | Páxina 3 de 8 |
| 1913-441 | CSV: AAA74F-818FB9-4B4C2E-NMGSY1-XEAL1Q-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Expediente: 1913-441

obras correspondentes a outros subgrupos diferentes do principal, a existencia de clasificación estenderase tamén a estes subgrupos coas limitacións seguintes:

- O n° de subgrupos esixibles, salvo casos excepcionais, non poderá ser superior a catro.
- O importe da obra parcial que pola súa singularidade dea lugar á existencia de clasificación no subgrupo correspondente deberá ser superior ao 20 por 100 do prezo total do contrato, salvo casos excepcionais.

En canto a Categoría, de acordo co art. 26 do citado Regulamento, modificado polo RD 773/2015 de 28 de agosto, e considerando que o prazo de execución estimado para a completa execución das obras é de 3 meses, resulta de aplicación a referencia do valor estimado do contrato.

Polo que, tendo en conta o indicado no apartado 14 da memoria do proxecto aprobado en XGL e de acordo co orzamento do citado proxecto, e considerando o valor estimado, correspóndelle a seguinte clasificación como contratista de obras no seguinte grupo e subgrupo:

- Grupo G, subgrupo 4, categoría 3

6.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DE OFERTAS ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS.

En relación á determinación dos criterios aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, a tenor do establecido no artigo 149.2.a) da LCSP, aplicaranse os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias establecidos no artigo 85 do RLCAP.

7.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Establécense como condicións especiais de execución de carácter medioambiental:

- A redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, contribuíndose así a dar cumprimento ao obxectivo que establece o artigo 88 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sustentable.
- O mantemento ou mellora dos valores ambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato; unha xestión máis sustentable da auga.
- O fomento do uso das enerxías renovables.
- A promoción da reciclaxe de produtos e o uso de envases reutilizables.
- O impulso da entrega de produtos a granel e a produción ecolóxica.

O obxecto do contrato supón a realización dunha serie de procesos construtivos tendentes á xeración de riscos de carácter medio ambiental (xeración de residuos, utilización en exceso de



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/06/2024 12:16 | Páxina 4 de 8 |
| 1913-441 | CSV: AAA74F-818FB9-4B4C2E-NMGSY1-XEAL1Q-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Expediente: 1913-441

auga, etc), o cal fai aconsellable a introdución de criterios medioambientais tendentes á redución e minoración dos posibles prexuízos de carácter medio ambiental.

Estas condicións especiais de execución esíxense neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política medioambiental. Esta “contratación estratéxica”, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas nunha área esencial, co obxectivo de garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes.

8.- PRAZO DE GARANTÍA:

En relación a determinación do prazo de garantía, o proxecto da obra indica que sempre que se contemplen as técnicas de execución e os materiais cumpran coas calidades legalmente establecidas, non é de esperar actuacións cuantificadas de importancia respecto a compromisos expresos de mantemento, adicionais as meras tarefas de conservación, reparación o reposición de elementos.

Polo tanto, tendo en conta isto, se propón un prazo de garantía de **5 anos**, de modo que se poida asegurar o obxecto do prazo da garantía polas obras recollidas no proxecto, de modo máis extenso e acorde a tipoloxía de obra e de uso do construído.

9.- SUBCONTRATACIÓN

Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación.

10.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

10.1.- Aspectos a modificar:

As unidades de obra relacionadas con demolicións e traballos previos, pavimentación, saneamento augas pluviais, sinalización, xestión de residuos e seguridade e saúde.

10.2.- Circunstancias que determinan a modificación:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas, impermeabilizacións, soleiras e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/06/2024 12:16 | Páxina 5 de 8 |
| 1913-441 | CSV: AAA74F-818FB9-4B4C2E-NMGSY1-XEAL1Q-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Expediente: 1913-441

- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

10.3.- Limites da modificación:

A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.

10.4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación:

Na elaboración do proxecto de obras modificado e para aquelas unidades de obra non previstas no orzamento do proxecto, terase en conta o cadro de prezos unitarios previsto no prego tipo aprobado que poderá consultarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector público, no apartado documentos https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/04_Sj9CPyKssy0xPLMnMz0vMAfijU1JTC3ly87KtCIkL0jznPPzSooSSxLzSIL1w_Wj9KMyU5wK9CN9I8IL0pIMiyLylwO9jUJc0yLcK7UdbW31C3JzHQFRzFEv/

Ditos prezos unitarios son prezos de execución material polo que inclúen custos directos e indirectos. Non inclúen nin gastos xerais (13%) nin beneficio industrial (6%). Tampouco inclúen IVE/IVE en vigor. A dito cadro prezos unitarios seralle de aplicación a baixa económica ofertada polo adxudicatario.

11.- RESPONSABLE DO CONTRATO

O responsable do Contrato será o director facultativo das obras.

O servizo xestor do contrato será o servizo administrativo e de control orzamentario da Área de Fomento.

12.- RECEPCIÓN PARCIAL

Non se contempla

13.-SEGURO

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

14.- PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

Para o proxecto de contratación das obras contempladas neste expediente de contratación, achégase a este informe o prego de prescricións técnicas incluído no proxecto de



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 05/06/2024 12:16 | Páxina 6 de 8 |
| 1913-441 | CSV: AAA74F-818FB9-4B4C2E-NMGSY1-XEAL1Q-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



Expediente: 1913-441

“PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, D^a María Ferreiro Núñez.

15.- GARANTÍA COMPLEMENTARIA:

Se deberá constituír como garantía complementaria por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato, cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración.

16.- CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIO

Non se prevé a cesión de datos no presente expediente.

17.- CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL

Non se prevé a cesión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

18.- DECLARACIÓN DACI

Os técnicos que subscriben declaran non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, no marco do desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación .

19- OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra, a través do CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT”. EXPTE. 954/441.





Expediente: 1913-441

En consecuencia os antecedentes descritos, propónse o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos remitir a presente memoria para a contratación das obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN", ao Servizo de Contratación, para a redacción do correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Técnica de Xestión.- Ruth Gallego Santos

O Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas.- Jerónimo Centrón Castaños

CONFORME,

O Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos.- F. Javier Pardo Espiñeira

